

Xestión eficiente na potabilización da auga

- O proxecto Trihsens implantará protocolos de actuación no sistema de potabilización de auga de consumo humano a través da monitorización en tempo real.
- Preséntase o proxecto Trihsens na xornada de xestión de residuos e economía circular celebrada en Porriño.

Santiago de Compostela 26 de novembro de 2019- O proxecto TRIHSENS supón unha mellora para os sistemas de potabilización convencionais ao permitir unha monitorización en tempo real da calidade de auga de consumo humano. A través da implantación desta tecnoloxía, que está, actualmente, sendo deseñada, será posible realizar un control exhaustivo e de maneira constante, garantindo unha xestión cada vez más eficiente no proceso.

A instalación desta tecnoloxía, baseada na colocación de sensores, permite dar unha resposta rápida ante diferentes episodios que poidan comprometer a calidade da auga. Defínense, deste modo, protocolos de actuación para que o operario en planta poda proceder baixo un sistema de decisión implantado, que ven dado por esta innovadora tecnoloxía baseada en redes neuronais artificiais. Esta prevención extra no proceso de potabilización da auga será implantada na Estación de tratamento de auga potable do Tambre, comezando coa súa xestión a inicios do próximo ano 2020.

Co obxectivo de difundir o propósito e os avances do proxecto, o día 26 de novembro celebrouse unha xornada enmarcada no contexto da xestión de residuos e a economía circular, na que se presentou o progreso e desenvolvemento das accións do proxecto. Conxuntamente, déronse a coñecer outras iniciativas que tamén forman parte do programa CONECTAPME 2018, como son VARAL e GEOPOLAR.

Este evento tivo lugar nas instalacións de AIMEN, en O Porriño, onde se reuniron todos os/as socios/as do proxecto: Roca Roibás, Syspro, Ayco, Viaqua, AIMEN e Cetaqua, para, ademais de presentar o proxecto, compartir experiencias e debater sobre a importancia da innovación nos sector nos que operan as empresas participantes.

O proxecto TRIHSENS, nacía en 2018 co apoio da Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN) e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, co financiamento por Fondos FEDER. Gracias a estas entidades e, a través do proxecto, pónse en relevo o compromiso no marco da innovación e a cooperación entre pequenas e grandes empresas galegas, como así o denota o marco no que se integra o proxecto e o seu consorcio.



Unión Europea

Fondo Europeo
de Desarrollo Regional
"Una manera de hacer Europa"



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

SUBVENCIONADO POR:



Gestión eficiente en la potabilización del agua

- El proyecto Trihsens implementará protocolos de actuación en el sistema de potabilización de agua de consumo humano a través su monitorización en tiempo real.
- Se presenta el proyecto Trihsens en la jornada de gestión de residuos y economía circular celebrada en Porriño.

Santiago de Compostela 26 de noviembre de 2019- El proyecto TRIHSENS supone una mejora para los sistemas de potabilización convencionales al permitir una monitorización en tiempo real de la calidad del agua de consumo humano. A través de la implementación de esta tecnología, que está, actualmente, siendo diseñada, será posible realizar un control exhaustivo y de manera constante, garantizando una gestión cada vez más eficiente en el proceso.

La instalación de esta tecnología, basada en la colocación de sensores, permite dar una respuesta rápida ante diferentes episodios que puedan comprometer la calidad del agua. Se definen, de este modo, protocolos de actuación para que el operario en planta pueda proceder bajo un sistema de decisión implementado, que viene dado por esta innovadora tecnología basada en redes neuronales artificiales. Esta prevención extra en el proceso de potabilización del agua será implantada en la Estación de tratamiento de agua potable del Tambre, comenzando su gestión a inicios del próximo año 2020.

Con el objetivo de difundir el propósito y los avances del proyecto, el día 26 de noviembre se celebró una jornada enmarcada en el contexto de la gestión de residuos y la economía circular, en la que se presentó el progreso y el desarrollo de las acciones del proyecto. Conjuntamente, se dieron a conocer otras iniciativas que también forman parte del programa CONECTAPEME 2018, como son VARAL y GEOPOLAR.

Este evento tuvo lugar en las instalaciones de AIMEN, en O Porriño, donde se reunieron todos los/as socios/as del proyecto: Roca Roibás, Syspro, Ayco, Viaqua, AIMEN y Cetaqua, para, además de presentar el proyecto, compartir experiencias y debatir sobre la importancia de la innovación en los sectores en los que operan las empresas participantes.

El proyecto TRIHSENS, nacía en 2018 con el apoyo de la Xunta de Galicia, a través de la Axencia Galega de Innovación (GAIN) y la Consellería de Economía, Emprego e Industria, cofinanciado por Fondos FEDER. Gracias a estas entidades y, a través del proyecto, se pone en relieve el compromiso en el marco de la innovación y la cooperación entre pequeñas y grandes empresas gallegas, como así lo denota el marco en el que se integra el proyecto y su consorcio.

**Unión Europea**Fondo Europeo
de Desarrollo Regional
"Una manera de hacer Europa"**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

SUBVENCIONADO POR:

